

Poderán participar na ruta todas aquelas persoas que realizaran axeitadamente o proceso de inscrición e sexan maiores de idade e os menores de 16 anos ou que os cumpran o largo do presente ano e adxunten autorización de pai, nai ou titor.

A inscrición farase efectiva a través de Sportmaniacs. O prazo límite de inscrición será o xoves día 24 de setembro ás 00:00 h.

Non se admitirán inscricións o mesmo día da proba que non se solicitaran con anterioridade mediante contacto coa organización, antes do peche da inscrición, a través dos número de teléfonos: 664285016, ou no correo electrónico bttverin@gmail.com.

O emprego do casco é obrigatorio e non levalo implica a retirada do dorsal e da marcha. Recoméndase a utilización de roupa deportiva adecuada. Todo ciclista participante deberá permanecer dentro do circuito da proba e atender ás instrucións da Organización.

Todos os participantes deben respetar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar lixo en todo o recorrido a excepción dos contedores situados nos puntos de avituallamiento.

A Organización preveu avituallamentos suficientes, tanto sólidos como líquidos, para realizar o recorrido convenientemente.

En todo momento respectaranse e obedeceranse as ordes e directrices do director da marcha, non sobrepasando en ningún momento ao vehículo que abre a mesma, o cal será obxecto de retirada inmediata.

A Organización contará con asistencia sanitaria e con servizo de ambulancia, a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil, non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fora desta cobertura.

A organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do recorrido, quilometraxe e data da proba.

O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.

A proba realizarase independentemente da climatoloxía dese día.